

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE SETEMBRO**  
**Ano 2018**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**HISTORIA DA FILOSOFÍA**  
**(Cód. 34)**

**OPCIÓN A**

**1.**

- a) O comentario do fragmento do *Ensaio sobre o goberno civil* de Locke deberá amosar unha axeitada comprensión (conceptos fundamentais e estrutura argumentativa), establecendo tamén unha contextualización da súa temática (no pensamento de Locke e na historia da filosofía).

**Cualificación máxima.- 3 pt.**

- b) A resposta á cuestión teórica *O liberalismo político de Locke* será cualificada en función da pertinencia dos contidos e da precisión conceptual; asemade coa súa coherencia e articulación discursiva.

**Cualificación máxima.- 3 pt.**

- 2.** A cuestión teórica *A orixe do cosmos na corrente presocrática* será cualificada cos criterios xa recollidos no apartado anterior (1.b).

**Cualificación máxima.- 3 pt.**

**3.**

- a) Ambos os conceptos (*materialismo histórico e relacións sociais de produción*) corresponden a Karl Marx. **Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

- b) A resposta correcta conterá o título completo de dúas obras de Karl Marx. **Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.

**OPCIÓN B**

**1.**

- a) O comentario do fragmento da *Física* de Aristóteles deberá amosar unha axeitada comprensión (conceptos fundamentais e estrutura argumentativa), establecendo tamén unha contextualización da súa temática (no pensamento de Aristóteles e na filosofía grega).

**Cualificación máxima.- 3 pt.**

- b) A resposta á cuestión teórica *Física e metafísica en Aristóteles* será cualificada en función da pertinencia dos contidos e da precisión conceptual; asemade coa súa coherencia e articulación discursiva.

**Cualificación máxima.- 3 pt.**

- 2.** A cuestión teórica *Nietzsche: crítica da cultura occidental* será cualificada cos criterios xa recollidos no apartado anterior (1.b). **Cualificación máxima.- 3 pt.**

- 3.** a) Ambos os conceptos (*impresión e asociación de ideas*) corresponden a David Hume. **Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

- a) A resposta correcta conterá o título completo de dúas obras de Hume.

**Cualificación máxima.- 0,5 pt.**

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.